



// Sector
Hostalería



// Localización
Vigo



// Ano de constitución
2014



// N^o empregados
2

// Descrición da empresa

Peme que nace co obxectivo de levar a toda España a comida a domicilio e que opera a través da súa páxina web. Presume de que todos os seus pratos carecen de aditivos e conservantes e de empregar receitas tradicionais e con produtos de primeira calidade.

Mario Vidal

Director
Mi Nevera

"O Servizo Re-acciona TIC supón un pequeno empurrón para facer eses proxectos que tes gardados"

Mario Vidal. Director de Mi Nevera

// Descrición do proxecto

Mi Nevera contaba cunha tenda en liña en funcionamento, pero que tiña moi pouco movemento a nivel de marketing dixital, debido á ausencia dunha estratexia global de comunicación e de redes sociais e blog. Coa premisa de mellorar estes aspectos, solicitaron o servizo de marketing dixital.

Tras unha auditoría do posicionamento orgánico da web (SEO) e das súas redes sociais, deseñouse unha estratexia global de comunicación cun obxectivo específico: dinamizar as distintas canles de venda. Á vez que se definía a metodoloxía de traballo e as ferramentas que se debían empregar para levar a cabo esta redefinición, deuse formación específica nesta área ao persoal para que, nun futuro e unha vez rematado o servizo, puidesen continuar a senda iniciada.

Deste xeito, non só coñeceron o estado actual da comunicación da súa empresa, senón que puideron melloralala co obxectivo de alcanzar un maior número de vendas, o que radica nun incremento na facturación e unha maior competitividade da empresa.





// O resultado

Como resultado das sesións formativas e da auditoría realizada polo axente colaborador, Mi Nevera puido definir un proxecto novo: unha nova estratexia de comunicación e marketing dixital.

Como consecuencia disto, elaborouse un plan de marketing dixital no que se incorporou a estratexia recomendada para eles, tendo en conta o desprendido deste diagnóstico inicial e achegando unha calendarización das accións propostas, co obxectivo de poder realizar este labor dunha forma autónoma e ordenada.

*“O programa Re-acciona
TIC facilitounos saír do
día a día para facer
proxectos que tiñamos
pendentes”*

Mario Vidal
Director de Mi Nevera



// Web

<https://www.minevera.es>



// Vídeo

Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.